

NORMAS DA "HORA DE LER"

- 1.** O alumnado esperará ao seu profesor/a na aula para subir todo o grupo xunto á biblioteca.
- 2.** A lectura desenvolverase durante unha hora semanal fixada no horario, de forma silenciosa e na biblioteca A Esperela.
- 3.** As lecturas serán elixidas libremente polos alumnos e alumnas entre os fondos da biblioteca ou das súas casas.
- 4.** Nos 10 primeiros minutos, cronometrados, poderase explorar a biblioteca para escoller as lecturas: libro, cómic ou revista temática.
Procuraremos ler ben a sinopse e se non nos interesa, deixarémolo nunha caixa das mesas. Unha vez escollida a lectura, non se pode cambiar durante o tempo restante da hora.
- 5.** Haberá unha lista de lecturas obrigatorias das distintas materias enriba da mesa da coordinadora para consulta porque pódense ler nesta hora. Aconséllase facelo.
- 6.** Durante este tempo non se poderán facer deberes nin outra cousa distinta á actividade de lectura libre e silenciosa.
- 7.** Se por calquera circunstancia a profesora/or considerara imposible facer unha sesión do tempo de lectura, deberase cambiar por outro día dentro do horario da mesma materia.
- 8.** Cando remate a hora, o alumnado deixará as súas lecturas nas caixas que están enriba das mesas.
- 9.** Na "Hora de Ler" non se prestan nin se devolven libros. O alumnado deberá volver nun recreo para xestionalo.
- 10.** Esta actividade está suxeita ás normas de disciplina do centro; polo tanto, calquera falta durante o seu desenvolvemento poderá ser sancionada.